



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** mantén aberta a convocatoria de axudas **BONOS DE INNOVACIÓN**, publicada no **DOG do 23 de setembro de 2013** e que estará vixente até o 31 de decembro de 2015 ou esgotamento do crédito.

O obxectivo desta convocatoria é **incentivar a participación das PEMEs** galegas en programas de I+D+i nacionais e internacionais e, deste xeito, incrementar a captación de financiamento externo para impulsar a competitividade do tecido empresarial galego.

Para aumentar a capacidade das PEMEs de xerar proxectos excelentes e optar a fondos externos, a modalidade de apoio é a través de **bonos trocables** para o financiamento dos **servizos de axentes intermedios** especializados na preparación deste tipo de propostas. Para asegurar a calidade do servizo, estes axentes deberán estar previamente homologados pola Axencia Galega de Innovación.

A **intensidade da axuda é do 100% do custo do servizo** e o importe da mesma pode acadar os **35.000€ en bonos internacionais** e os **10.000€ en bonos nacionais**. As diferentes contías dos bonos de innovación fíxanse en función da dificultade da proposta (tomando como referencia o tamaño do consorcio e a participación da PEME como socia ou coordinadora) e o resultado obtido no programa ao que se presenta. O orzamento total da convocatoria ascende a 1,5 millóns de euros.

Na **páxina web de GAIN** podes acceder ás bases completas da convocatoria, un documento de preguntas frecuentes e o formulario de solicitude. Se tes calquera dúbida, GAIN pon á túa disposición un correo electrónico, [programas.gain@xunta.es](mailto:programas.gain@xunta.es), e uns teléfonos: 981 54 39 93; 981 95 70 50; 981 54 39 87 e 981 95 73 03 para atender as túas consultas.

Agardando que esta información che sexa útil, despedímonos até o próximo xoves!